

# O cabaliño de mar...

CONCELLO DE SANTIAGO



Luns

Martes

Mércores

Xoves

Venres

Sábado

Domingo


● tarefa ● cita — nota

# ... chega a onde quere chegar.

É un dos **animais máis lentos que se coñecen**, mais el cabalga dereito coma un parafuso polo mar adiante feliz e contento. Este experto nadador goza afundido no mar igual que o veloz arroaz que acompaña os barcos facendo pinchacarneiros.

Coma eles, todas podemos nadar ou practicar o deporte que máis

nos agrade. Pouco máis se precisa que os nosos propios corpos para adquirirmos este **hábito tan saudable e divertido** que non entende de idades.

En Compostela temos **moitas posibilidades** para practicar deporte: piscinas, pavillóns deportivos, pistas de tenis e pádel, campos de fútbol...

Aquí abaixo tedes exemplos de deportes que se poden practicar no noso concello. Coñecédelos?

Que vos parece se recortades cada tarxeta, as poñedes boca abaixo e **emparellades cada deporte coa súa definición**? As crianzas máis pequenas poden facelo coas cartas boca arriba mentres as persoas adultas len as definicións.

+ **Info:** <http://deportes.santiagodecompostela.gal/gl>

## Natación




Move os brazos,  
move as pernas,  
e ergue a cabeza  
coma unha serea.

## Baloncesto



Coma os do Obradoiro,  
mete o balón na cesta  
e se non, sigue botando,  
verás como presta!

# Ciclismo



Dálle ao pedal,  
non deixes de lle dar;  
para riba costa máis,  
para baixo a todo gas.

# Fútbol



Xuta o balón con forza  
para que sexa un foguete  
que chega rápido á porta  
como fai Vero Boquete.

# Atletismo



Corre para diante  
sen mirar atrás,  
co vento na cara  
que gustiño dá!

Billarda



Aníñate un pouquiño e agarra ben o palán, bate con xenio a billarda para chegar ao varal.

Balonnmán



Corre co balón cara á portería e mete gol coa man con moita chulería :)

Voleibol



A pelota na cancha salta por riba da rede non a reteñas coas mans porque se o fas, perdes.

Pádel/tenis



Agarra a raqueta  
e guinda a pelota  
por riba da rede,  
que non vaia torta.

Ximnasia  
rítmica



Ao ritmo da música  
móveste elegante  
coma unha buxaina  
con traxe brillante.

Tiro con  
arco



Cun ollo chiscado  
estarrica o cordel  
e lanza a frecha á diana  
con moito aquel.